

ROGO DE AER SOBRE VARIOS TEMAS (Rex. Entrada 23.01.2018, 2018-E-RPLN-1).

PLENO 25 XANEIRO 2018. ACTA 01/2018

1) Sobre a franxa de defensa contra incendios. Unha vez que dende algo máis dun ano estase traballando de cara ao cumprimento das distancias a núcleo rural e casas illadas do arborado do monte na franxa de defensa contra incendios. Sendo este traballo realizado por persoal temporal con contratos de 6 meses a través da Deputación.

ROGAMOS que o novo persoal que vaia desenvolver as labores de técnico de medio ambiente teña nas súas encomendas inmediatas continuar cos traballos previos no referente ao cumprimento coa franxa de defensa contra incendios forestais.